

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓN

EXPEDIENTE: LU96505:33

SITUACIÓN: RAFAEL FERNANDEZ CARDOSO, 20-4ª - RIBADEO

Por resolución da xefatura territorial de Infraestruturas e Vivenda de Lugo de data 15 de abril de 2016 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente LU96505:33, ó abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Tendo en conta que no prazo citado no parágrafo anterior unicamente presentou solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes don DAVID FERNANDEZ FEIJOO (nº de credencial 71154), e unha vez comprobado o cumprimento de requisitos, foi requerido o 13 de maio de 2016 para que acredite que pode afrontar a compra da vivenda, dado que non acadaba os ingresos mínimos esixidos para este tipo de vivendas.

O interesado achega compromiso de pagamento aprazado coa propietaria da vivenda, cunha cláusula resolutoria de reversión no caso de impago dalgunha anualidade e devolución das cantidades entregadas.

Examinado este compromiso resulta o seguinte:

Non existe inconveniente no referente ó pagamento aprazado do prezo de compravenda da vivenda, se ben deberán eliminar a condición resolutoria para impedir que a vivenda revirta nunha persoa que non reúne os requisitos e que por iso precisamente está obrigada a vendela.

En consecuencia, e dado que o solicitante reúne o resto dos requisitos, o xefe territorial en Lugo

ACORDA:

1. Non realizar o sorteo.
- 2.. Declarar directamente adquirente a don DAVID FERNÁNDEZ FEIJOO (nº credencial 71154).

Contra dita resolución, que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de

novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola ley 4/1999, de 13 de xaneiro.

Lugo, 06 de xullo de 2016.

O xefe territorial

P.S. Resolución de 17 de decembro de 2015

A xefa de Área Provincial

María del Mar Gómez Pardo